

# CONVOCATORIA E BOLSA DE SOCORRISTAS E PATRÓN 2018

---

## **BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTAS E PATRON DE EMBARCACIÓNS DEPORTIVAS ASÍ COMO A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE SOCORRISTAS E PATRÓNS DE EMBARCACIÓNS PARA PRAIAS PARA A TEMPORADA ESTIVAL 2018**

**OBXETO:** O obxecto é a convocatoria e formación dunha bolsa de emprego, para a contratación laboral temporal, a tempo completo e duración determinada, para cubrir os postos de socorristas acuáticos e patrón de embarcacións, para a temporada estival 2018.

**Réxime de funcionamento da convocatoria e bolsa:** A contratación laboral temporal farase a aqueles/as aspirantes que obtiveran a maior puntuación no proceso selectivo ata cubrir as prazas previstas con consignación orzamentaria.

Para o caso de renuncias ou en caso de necesidade xustificada e, sempre que exista consignación orzamentaria, a través de Resolución da Alcaldía-Presidencia, procederase a formalización de contratos, seguindo a puntuación obtida, de maior a menor de aqueles candidatos/as que figuren na bolsa.

O chamamento farase sempre, respectando a orde de puntuación dos integrantes da bolsa.

Este chamamento farase vía telefónica, mensaxe teléfono ou por correpo-e, de xeito que quede constancia do chamamento. En caso de non formalizar o contrato nun prazo máximo de DOUS DÍAS HÁBILES, decaerá no seu dereito e procederase a convocar o/a seguinte candidato/a.

## **BAREMO PARA SOCORRISTAS E PATRÓN DE EMBARCACIÓNS DEPORTIVAS CON CONSIGNACIÓN PROPIA e COOPERACIÓN**

A selección do citado persoal xustifícase pola necesidade urxente da contratación destes postos de duración determinada, por atender as circunstancias especiais e responsabilidades que ten o Concello do Grove, en salvamento e seguridade nas praias.

Este proceso de selección iniciarase, unha vez publicado un anuncio da convocatoria no BOP. Publicarase tamén nun diario de maior difusión na localidade, así como a súa publicación na páxina web do Concello ([www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es)) e Taboleiro de Anuncios.

# CONVOCATORIA E BOLSA DE SOCORRISTAS E PATRÓN 2018

O prazo de presentación de instancias, será de 10 días naturais, contados a partir da publicación no BOP.

Unha vez calculada a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes baseándose na puntuación final obtida e por orde decrecente.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase por aquel que alcanzase unha maior puntuación nas probas físicas, seguidamente no concurso de méritos e de persistir o empate, será por sorteo.

## REQUISITOS DOS ASPIRANTES SOCORRISTAS:

- Graduado Escolar ou equivalente.
- Carne profesional de socorrista acuático en espacios naturais. Cumprir co disposto no Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior ou Formación Profesional en Salvamento e Socorrismo ou Ciclo Medio de salvamento e socorrismo en espacios naturais.

## REQUISITOS DOS ASPIRANTES A PATRÓN DE EMBARCACIONES:

- Estar en posesión do título de patrón de navegación básico PNB ou superior,
- Graduado escolar ou equivalente.

## BAREMO:

### PUNTUACIONES POR TITULACIÓN ACADÉMICA PARA PATRÓN:

TITULACIONES OU CURSOS	PUNTOS
Curso DESA en vigor	1
Autorización de Patrón de Navegación Basica PNB	1
Título de Patrón de Embarcaciones de Recreo PER	2
Curso Prevención de riscos laborais - <b>Mínimo 50 horas</b>	1

**ENTREVISTA PERSOAL: Máximo 2 puntos.**

# CONVOCATORIA E BOLSA DE SOCORRISTAS E PATRÓN 2018

## PUNTUACIÓNS POR TÍTULACIÓN ACADÉMICA PARA SOCORRISTAS:

TITULACIÓNS OU CURSOS	PUNTOS
Curso DESA en vigor	1
PNB, PER ou superior	1
Título TSAFDA	1
Título INEF	1
Curso Prevención de riscos laborais - <b>Mínimo 50 horas</b>	1

## PUNTUACIÓNS POR EXPERIENCIA PROFESIONAL:

EXPERIENCIA	Máxima
Por cada contrato de salvamento en praias, socorrista acuático en espacios naturais e patrón. 0,5 puntos por mes traballado	3

**ENTREVISTA PERSOAL: Máximo 2 puntos.**

## DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS:

### PROBA PRÁCTICA PATRÓN:

Os/as aspirantes a patrón, serán citados nun porto do Concello, para realizar a seguinte proba:

Versará sobre o manexo da embarcación, manobras de atraque e desatraque, entrada e saída en praia e/ou en porto, nas condicións exisidas polo tribunal. A puntuación máxima será sobre 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para entender superada a proba.

### PROBA PRÁCTICA SOCORRISTA:

Os/as aspirantes, serán citados nunha Praia do Concello, para realizar a seguinte proba: Correr 100 metros na praia, entrar no mar e nadar uns 400 metros ata o punto sinalado polo tribunal e volver á terra noutro punto sinalado polo tribunal. Os/as aspirantes deberán vir provistos de bañador, gafas, gorro, aletas e/ou traxe de neopreno.

O tribunal antes do comenzo do exercicio estipulará os tempos requeridos, tempo máximo establecido en función das circunstancias metereolóxicas aplicando as puntuacións da proba para mulleres e homes.

## CONVOCATORIA E BOLSA DE SOCORRISTAS E PATRÓN 2018

---

O/a aspirante que faga o exercicio no menor tempo, terá unha puntuación de 10 puntos, e aos seguintes descontaráselle por cada 10 segundos de diferenza 0.5 puntos.

Para as mulleres a puntuación comenará co tempo do primeiro clasificado home máis un 20 % do tempo.

TRIBUNAL:

Presidente/a,

Secretario/a,

Vogais,

Asesor externo,

Iniciado o proceso de selección, tódolos anuncios serán publicados no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de O Grove ([www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es))

O Grove, a 2 de maio do 2018

O ALCALDE,

D. Jose A. Cacabelos Rico

# CONVOCATORIA E BOLSA DE SOCORRISTAS E PATRÓN 2018

## MODELO DE INSTANCIA SOCORRISTA

### Prazas socorrista

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, DNI núm.,  
\_\_\_\_\_, con domicilio en  
\_\_\_\_\_, do termo municipal  
de \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_ e teléfono de  
contacto \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_.

EXPOÑO:

Que informado/a da próxima contratación laboral temporal e formación dunha bolsa de socorristas e patróns de embarcacións, para a temporada estival 2018 e, cumprindo cos seguintes requisitos, exixidos na convocatoria, dos que xunto copia compulsada:

- Graduado escolar ou superior
- Carne profesional vixente de socorrista acuático en espacios naturais ou ciclo medio de salvamento e socorrismo en espacios naturais.

Ademáis, xunto a seguinte documentación de acordo co baremo de méritos, debidamente compulsada:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_.

SOLICITO: Ser admitido/a no proceso selectivo para optar a unha praza.

O Grove, \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2018

Sr. alcalde-presidente do Concello do Grove

# CONVOCATORIA E BOLSA DE SOCORRISTAS E PATRÓN 2018

## MODELO DE INSTANCIA PATRÓN EMBARCACIÓNS

<b>Prazas Patrón Embarcacións</b>
-----------------------------------

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, DNI núm.,  
\_\_\_\_\_, con domicilio en  
\_\_\_\_\_, do termo municipal  
de \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_ e teléfono de  
contacto \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_.

EXPOÑO:

Que informado/a da próxima contratación laboral temporal e formación dunha bolsa de socorristas e patróns embarcacións, para a temporada estival 2018 e, cumprindo cos seguintes requisitos, esixidos na convocatoria, dos que xunto copia compulsada:

- Estar en posesión do título de patrón de navegación básico PNB ou superior,
- Graduado escolar ou equivalente.

Ademáis, xunto a seguinte documentación, de acordo co baremo de méritos, debidamente compulsada:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_.

SOLICITO: Ser admitido/a no proceso selectivo para optar a unha praza.

O Grove, \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2018

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Grove

# CONVOCATORIA E BOLSA DE SOCORRISTAS E PATRÓN 2018

---